

COMO SE CONSTITÚE?

1. Certificado negativo de denominación
2. Estatutos Sociais e Acta de Constitución
3. Cualificación previa dos estatutos no Rexistro de Cooperativas
4. Escritura de Constitución e liquidación do I.T.A.X.D.
5. Inscripción da cooperativa no Rexistro de Cooperativas
6. Alta en Facenda e Seguridade Social

EXISTEN RECURSOS E FERRAMENTAS?

Dispoñemos dunha ampla base de recursos de interese para as persoas que teñan intención de poñer en marcha unha cooperativa: Manuais, modelos, aplicacións informáticas, vídeos, etc. aos que se pode acceder a través da nosa web:

www.ugacota.coop

Ugacota

-Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-
é unha asociación sen ánimo de lucro, que representa ás cooperativas de traballo asociado galegas. Neste intre máis de 100 cooperativas de distintos sectores e actividades están asociadas á nosa entidade, o que lles permite o uso de tódolos servizos e actividades que ofrecemos.

- Representación e defensa de intereses
- Plans de mellora, programas de apoio e acompañamento.
- Asesoramento empresarial e societario.
- Formación e información.
- Información e asesoramento en axudas.
- Outras actividades e servizos

Rúa do Hórreo, 104
baixo esquerda
Santiago de Compostela
Tel./Fax: 981 575 578
ugacota@ugacota.coop


Travesía de San José,
10 entreplanta.A
A Coruña
Tel./Fax: 881 887 456
patane@ugacota.coop
tino@ugacota.coop

Rúa Cronista
Rodríguez Elías, 2
1º andar - oficina 1A
Vigo
Tel./Fax: 986 136 592
nuria@ugacota.coop

Unímonos para **emprender**
Unámonos para **crecer**

Cooperativa de Traballo Asociado

Alternativa de Autoemprego Colectivo



E tí, coñeces a fórmula?



www.ugacota.coop



COOPERATIVA DE TRABAJO ASOCIADO

A empresa das persoas

Que é unha cooperativa ?

Porqué unha cooperativa ?

Que requisitos ten ?

Teñen axudas?

Como saber se é viable?

Como funcionan?

QUÉ É UNHA COOPERATIVA ?

Unha cooperativa de traballo asociado é unha agrupación de persoas que desexan desenvolver de xeito conxunto, unha actividade empresarial que lles garanta un **posto de traballo estable**.

Trátase polo tanto dunha empresa onde as persoas asumen de xeito conxunto a posta en marcha dun **proxecto empresarial**.

Nas cooperativas cada persoa é un voto con independencia do capital aportado e as persoas se autoxestionan para acadar os seus obxectivos económicos e laborais.

As cooperativas de traballo asociado son unha ferramenta válida de autoemprego colectivo para poñer en marcha proxectos empresariais baseados nas persoas e nos principios cooperativos: adhesión aberta, xestión democrática, propiedade colectiva, autonomía e independencia, intercooperación, formación permanente, interese polo desenvolvemento sostido da sociedade. Requiren de persoas con vocación polo traballo en equipo, capaces de responsabilizarse de seren ao mesmo tempo traballadores/as e empresarios/as relacionarse e aportar as súas ideas tendo en conta as ideas dos/as demais.

Unha empresa con principios...
auto-xestionada

PORQUÉ COOPERATIVA DE TRABAJO ASOCIADO?

Porque é un bo xeito de buscar alternativas laborais, de participar con voz e voto nas decisións da empresa, ser donos/as do voso traballo e dos excedentes que se xeren.

QUE REQUISITOS TEN?

Precísanse 3 persoas interesadas e un capital mínimo de 3.005,06 euros, unha idea empresarial viable e un proxecto compartido por tódalas persoas socias.

...baseada nas persoas

CONTA CON ALGÚN TIPO DE AXUDA?

A cooperativa de traballo asociado conta cun amplo abano de axudas para a súa posta en marcha:

- Axudas para incorporación de socios/as, para acompañamento na constitución, achega de capital,
- Capitalización do desemprego.
- Bonificacións fiscais e da seguridade social
- Outras: sectoriais, industriais, etc.

Desde UGACOTA informamos destes apoios GRATUITAMENTE

COMO SABER SE É VIABLE?

A análise da viabilidade previa do proxecto empresarial cooperativo é fundamental para o éxito do mesmo. En UGACOTA sabémolo e acompañamos todo o proceso, desde a valoración da idea á elaboración do plan de empresa cooperativo, facilitando a información e formación que precisa nos trámites de constitución e posta en marcha.

COMO FUNCIONAN AS COOPERATIVAS?

As cooperativas baséanse na democracia participativa. O máximo órgano de toma de decisións é a Asemblea Xeral de socios/as que delega no Órgano de administración, o goberno e xestión da mesma. As persoas socias deben marcar os obxectivos e establecer as regras de xogo para o funcionamento interno da cooperativa.

